

## Semana Santa: Grazas!

O domingo de Ramos, Xesús, é aclamado en Xerusalén.

O xoves lembrareite no cenáculo dándote como comida e tendo presente o teu mandamento: “Amádevos os uns aos outros como eu vos ameí”.

O venres percorrerei o camiño do calvario, para chegar ao Gólgota e estar contigo ao pé da túa cruz.

Así chegarei ao domingo, a Pascua do Señor, o paso da morte á vida a vitoria de Deus.


Estamos, Señor Xesús, na recta final da túa vida, que sintetiza toda a túa existencia.

Grazas, Señor, Xesús. Grazas pola túa vida e pola túa morte e sobre todo grazas pola túa resurrección.


Axúdanos a vivir a túa paixón como a nosa paixón para participar da túa resurrección.




# Semana Santa




## SEMANA SANTA




DOMINGO DE RAMOS




JUEVES SANTO: LA ULTIMA CENA



JUEVES SANTO: EL LAVADO DE LOS PIES



VIERNES SANTO: MUERTE DE JESUS



DOMINGO DE RESURRECCION

# Ramos: Xesús dóase e fainos doantes

# Coresma Ramos-B

## BENDICIÓN DE RAMOS

**MARCOS 11, 1-10:** *Bendito o que vén no nome do Señor.*

**Narrador:** Cando se achegaban a Xerusalén, por Betfagé e Betania, xunto ao monte das Oliveiras, mandou a dous dos seus discípulos, dicíndolles:

**Xesús:** -«Ide á aldea de en fronte e, en canto entredes, atoparedes un burriño atado, que ninguén montou aínda. Desatádeo e traédeo. E se alguén vos pregunta por que o facedes, contestádelle: "O Señor necesítao, e devolverao pronto"».

**Narrador:** Foron e atoparon o burriño na rúa atado a unha porta; e soltárono. Algúns dos presentes preguntáronlles:

**Algúns:** -«*Que facedes desatando o burriño?*».

**Narrador:** Eles contestáronlles como lles dixera Xesús; e permitíronllo. Levaron burriño, botáronlle encima os mantos, e Xesús montou. Moitos alfombraron o camiño cos seus mantos, outros con ramas cortadas no campo. Os que ían diante e detrás, gritaban:

**Xente:** -«*Hosanna! Bendito o que vén no nome do Señor! Bendito o reino que chega, o do noso pai David! Hosanna nas alturas!*».

**Palabra do Señor.**

(Narrador--Xesús-Algúns-Xente).

## PALABRA DO SEÑOR


**ISAÍAS 50, 4-7:** *Non me tapei o rostro ante as aldraxes.*

**SALMO 21:** *Meu Deus, meu Deus, por que me abandonaches?*

**Filipenses 2, 6-11:** *Rebaixouse, por iso Deus o levantou sobre todo.*

**Paixón segundo san Marcos 14,1-15,47:**

*Meu Deus, meu Deus, por que me abandonaches?*



## Ramos: Xesús dóase e fainos doantes

### 1. VER: Necesítanse doantes

- A miúdo aparecen nos medios, noticias como esta: "necesítanse doantes". Nos hospitais necesítanse persoas anónimas que acuden para extraerlles sangue para logo inxectarlla a outras persoas durante unha operación. Estas persoas dóana voluntariamente e de forma altruísta.

*Que che parece? Que se consegue?*

### 2. XULGAR: Xesús dóase e fainos doantes

- No evanxeo de Marcos, a multitude aclama a Xesús grita: "*Hosanna, bendito o que vén no nome do Señor!*"

- Logo lemos a *paixón segundo S. Marcos na que ao morrer Xesús dise que "o veo do templo rachouse en dous, de arriba abaixo"*.

Marcos 11, 1-10, película, hasta 1' 38": <https://youtu.be/OTb4DMBHWkg>

Paixón Mc. 14, 1-15,47, Fundación Ramón Pané, película: <https://youtu.be/dBVeqYEyoHI>

### QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- Hoxe acudimos a **bendicir os ramos e as palmas**, un día de alegría. Os nenos van con ilusión levando as palmas con lambetadas. Pero, que celebramos? **Que Xesús entre como Rei na nosa vida**, por iso acompañámolo cantando: "Hosanna, bendito, santo"... Oxalá que non o abandonemos cando entrega a súa vida por amor na cruz.

- Pero logo **lemos a Paixón** na que Xesús dá a súa vida porque nos ama e quere salvarnos. Ráchase o veo do templo, rompe o antigo, o que afasta, o que altera a imaxe de Deus que é amor e bondade. Xa non hai veo, nin encubrimento, detrás da Cruz está o Amor do Pai, cara ao Fillo e cara á humanidade. É o Amor de Deus que se fai doazón para nós. Exprésao ben Fano con esa **transfusión de sangue que Xesús fai desde a cruz aos nosos brazos e á nosa vida**. Entrégase por nós para darnos Vida.

- Pero hai algo máis: Na cruz descubrimos o Amor que se fai doazón e **desvélanos que hoxe nós debemos facernos doantes para aqueles que hoxe están crucificados pola fame, pola violencia, pola soidade, pola guerra**. Si, sendo doantes de vida, de pan, de amor.

O teu verdadeiro eu, Verbo Divino 2024, reflexión: <https://youtu.be/uP3IUbtKSGc>

*A que te está chamando Xesús nesta Semana Santa?*

### 3. ACTUAR: Xesús te necesita como doante

- Non esquezas a Xesús esta semana, acompañao nos Oficios, participa nas celebracións, agradece toda a Vida que nos dá por puro amor.

- Mira como podes ser leito de doazón do crucificado aos crucificados, a quen podes levar pan, alegría, tempo, amizade, perdón...

- Quedemos estes días contemplando a cruz. Desde ela regálanos Xesús os sacramentos.

- Da auga e do sangue do seu corazón trasapado chéganos a graza do perdón, da eucaristía, do bautismo ou da unción de enfermos.

- Escoltade a Paixón, paixón de "apaixonar", de dar a vida ata o extremo. Preparade a lectura da Paixón, os cantos. Comentade que actitudes hai detrás de cada personaxe da paixón e en que se parecen a nós. Escribimos unha oración agradecendo a Xesús que dea a súa vida por nós, que se una aos nosos sufrimentos. moito froito para todos.

*Que vas facer esta semana?*

-Hosanna, canción: [http://youtu.be/watch?v=E8Gb6M6W\\_yo](http://youtu.be/watch?v=E8Gb6M6W_yo)